



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

AXUDAS x EMPREGO

Vigo, 13 de Maio de 2010

Na Comisión de Emprego, da que forman parte os asinantes do convenio, (FSI-UGT-CC.OO) e onde propios e estraños veñen dando a súa opinión das que podemos compartir algunhas delas, a C.I.G. en función dos datos da Eventualidade e o número de contratos Relevo que hai na actualidade, quixeramos realizar unha nova aportación na defensa do emprego.

Eventuais marzo 2010

| | | |
|-------------------|-------------------|-----------------|
| C. Relevo.....201 | Outros1.112 | Total.....1.313 |
|-------------------|-------------------|-----------------|

Dende que os especuladores do diñeiro nos meteron na crise, as Arcas Públicas veñen concedendo axudas ó Sector da Automoción, a última correspondeu da Administración Galega, con 120 millóns, dos cales 40 son a fondo perdido para a nosa Planta.

Este diñeiro que é concedido para favorecer as inversións en I+D de novos produtos a fabricar, teñen o tempo un mesmo común denominador, MANTER O EMPREGO.

A C.I.G. ven defendendo ante as Administracións apoios para os sectores produtivos do noso País, onde a Automoción ocupa un lugar importante cun 18 % PIB de Galicia.

Cos datos da Eventualidade, e si lle engadimos a posible nova contratación nas vindeiras semanas, o compromiso adquirido ante as Administracións de MANTER O EMPREGO, fai necesario activar a Xubilación Parcial, co fin de que estes postos que se perden sexan cubertos, polo menos, por novos/as traballadores/as Relevistas. Non é xa, unha reivindicación sindical que compartimos todos, e tamén agora, unha débeda contraída coa propia Sociedade.

Defender o emprego, ten que ser un obxectivo prioritario para todos, no que respecta a C.I.G. intentamos sempre manter unha coherencia sostida no tempo. Nin os agasallos marcaron a nosa actuación nos anos pasados, nin os meses que restan para o período electoral nos farán subir ó monte.

Para un traballador/a que ve rematar a súa vida laboral, o acadar a xubilación co 100% non so debora ser un dereito a conservar, senón tamén neste caso, corresponder coa solidariedade demostrada pola Sociedade que incluso aporta un diñeiro a Fondo perdido.

Por elo reiteramos á Dirección a necesidade de proceder a reabrir a Xubilación Parcial.

Confederación Intersindical Galega